

o establecido no artigo 14 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo.

Terceiro.-A xefatura de persoal do centro onde cause alta o funcionario, realizará, dentro dos prazos sinalados nos puntos anteriores, a dilixencia de toma de posesión e seguidamente levaranse a cabo os trámites necesarios para a entrada en nómina.

Da dilixencia efectuada darase traslado, mediante copia, á Dirección Xeral da Función Pública.

Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, os interesados poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición perante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, na súa nova redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, ou poderán interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo competente no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2006.

Laura Sánchez Piñón

Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO

Apelidos e nome: Valencia Vila, Pablo.
 Nº de rexistro persoal: 3279745557A2060.
 Corpo ou escala: superior da Xunta de Galicia.
 Grupo: A.
 Posto de traballo: xefe do Servizo de Réxime Xurídico e Recursos.
 Código: ED.C02.00.001.15770.065.
 Nivel: 30.
 Centro directivo: Secretaría Xeral.
 Localidade: Santiago de Compostela.

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Resolución do 13 de setembro de 2006, da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional, pola que se fai público o acordo do tribunal da categoría de pediatra de atención primaria, relativo á resolución provisional da fase de provisión do proceso extraordinario de consolidación de emprego deste organismo.

O punto 1 da base décimo sexta das diversas ordes da Consellería de Sanidade do 15 de febreiro de 2002 (DOG nº 40, do 25 de febreiro), polas que se convoca proceso extraordinario de consolidación de emprego para a selección e provisión de prazos de persoal estatutario das institucións sanitarias dependentes do Servizo Galego de Saúde, dispón que rematadas as entrevistas e realizada polo tri-

bunal central a valoración dos méritos acreditados polos participantes, publicarase no *Diario Oficial de Galicia* o anuncio da exposición da listaxe provisional coas puntuacións obtidas por cada un dos participantes e cos destinos provisionais adxudicados, de ser o caso, no centro de xestión onde o aspirante optou por realizar a entrevista.

Os aspirantes disporán dun prazo de quince días hábiles, de ser o caso, contado desde o seguinte ao da publicación do citado anuncio para formular reclamacións contra a listaxe provisional.

Polo tanto, adoptado acordo polo respectivo tribunal, procede agora darlle publicidade no DOG, facultándose para iso expresamente a División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde, polo que,

RESOLVE:

Primeiro.-Publicar, con carácter provisional, as puntuacións obtidas polos aspirantes que participaron na fase de provisión do proceso extraordinario de consolidación de emprego para a selección e provisión de prazos de persoal estatutario das institucións sanitarias dependentes do Servizo Galego de Saúde convocado polas diversas ordes da Consellería de Sanidade do 15 de febreiro de 2002 (DOG nº 40, do 25 de febreiro), da categoría de pediatra de atención primaria.

Segundo.-As listaxes poderán examinarse nos taboleiros de anuncios dos centros de xestión de atención primaria e especializada do Servizo Galego de Saúde e na páxina web do Sergas (www.sergas.es).

Terceiro.-Os aspirantes disporán dun prazo de quince días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, para que poidan presentar, de ser o caso, reclamación contra a listaxe provisional.

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2006.

Antonio José Fernández Paniagua

Director xeral da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional

V. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA NÚMERO DEZ DA CORUÑA

Edicto (488/2006-MJ).

Enriqueta Roel Penas, secretaria do Xulgado de Primeira Instancia número dez da Coruña, certifico que nos autos seguidos neste xulgado co número 488/2006-MJ por instancia de María Begoña Pantín Sierra sobre divorcio contencioso, acordouse o emprazamento de Francisco Jesús Alvedro López